

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA MENTORING FP

REUNIDOS

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en adiante, a Consellería), actuando en nome e representación da dita Consellería, en virtude das facultades recoñecidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 60/2022 do 15 de maio, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

D. Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A Amtega está adscrita á Consellería de Facenda e Administración Pública e conta con personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos establecidos pola normativa vixente e ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes competencias e funcións: a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os



dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

SEGUNDO.- A Dirección Xeral de Formación Profesional é o órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponde exercer as competencias e funcións que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de formación profesional, incluída a súa ordenación educativa, así como da xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros que impartan formación profesional, todo iso en coordinación con outras consellerías con competencias na materia, especialmente coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, atribúelle, entre outras, o exercicio das seguintes competencias e funcións: O fomento do desenvolvemento de proxectos de innovación profesional e a ordenación e o desenvolvemento dun sistema de aprendizaxe permanente que, en coordinación cos diferentes departamentos e órganos competentes na aprendizaxe formal, non formal e informal, favoreza o desenvolvemento da cidadanía responsable e a cualificación das persoas para a súa inserción laboral, de xeito que poidan desenvolver o seu proxecto vital, particularmente no medio rural.

TERCEIRO.- Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla no relativo a relación coas empresas que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.

CUARTO.- Que o Goberno galego aprobou no Consello da Xunta de Galicia do 10 de febreiro de 2022 a Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030, que ten entre os seus principios inspiradores reducir a fenda laboral dando resposta as necesidades de capital humano con competencias profesionais axeitadas as demandas empresariais, desenvolvemento este proceso a través da colaboración público-privada. Ditos principios artéllanse a través de 7 eixes, entre os que está a formación adaptada ás persoas e ao sistema produtivo, e a calidade no desenvolvemento da formación.

QUINTO.- O Goberno galego a través da Estratexia Galicia Dixital 2030 (en adiante, EGD2030), liderada pola Amtega e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 3 de decembro de 2020, asume a misión de facer fronte aos desafíos de Galicia na nova década, aproveitando a tecnoloxía dixital como vector transformador da sociedade e avanzando cara un modelo socioeconómico máis produtivo, competitivo e eficiente.

Coa visión posta en situar a nosa comunidade como rexión intelixente de referencia en Europa no ámbito social, económico e medioambiental, a EGD2030 establece distintas



áreas de actuación para seguir avanzando na transformación dixital do territorio, entre as que se atopan o impulso da promoción do talento dixital.

En concreto, a EGD2030 establece un eixe estratéxico transversal dirixido á especialización tecnolóxica, que inclúe entre as súas prioridades a xeración e retención de especialistas en tecnoloxías disruptivas que contén cos coñecementos, aptitudes e habilidades necesarios para facer fronte aos retos da dixitalización nos vindeiros anos.

Neste contexto e aliñándose na consecución deste obxectivo, a Amtega impulsa o Plan de Promoción do Talento Dixital de Galicia 2020 (en adiante, DigiTalent), co que a Xunta de Galicia asume o compromiso de reducir a fenda entre a demanda e a dispoñibilidade de talento dixital no noso territorio, poñendo o foco na satisfacción das necesidades reais do mercado tecnolóxico a medio e longo prazo, reforzando a capacitación de estudantes e titulados e garantindo así a súa adaptación aos novos perfís dixitais esixidos por unha contorna en continua evolución.

SEXTO.- Que no marco do Plan DigiTalent e da Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030, a Consellería e a Amtega teñen previsto articular o Programa Mentoring FP, unha iniciativa que ten por obxecto a mentorización e acompañamento do alumnado de Formación Profesional de Grao Superior e de Cursos de Especialización para a a identificación de saídas profesionais e desenvolvemento da súa carreira profesional ou a posta en marcha dun proxecto emprendedor.

SÉTIMO.- Que neste contexto, conscientes ambas as institucións da importancia de establecer mecanismos de colaboración para o desenvolvemento de actuacións que contribúan ao impulso do talento dixital e a adaptación do alumnado ás necesidades tecnolóxicas actuais e futuras da economía da rexión; a Consellería e a Amtega manifestan a súa vontade de cooperar e con tal finalidade acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre a Consellería e a Amtega para a posta en marcha do programa Mentoring FP, no marco da Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030 e do Plan DigiTalent, que permitan promover a adaptación da capacitación de estudantes, titulados e profesionais á demanda de novos perfís dixitais e maximizar as súas oportunidades de desenvolvemento profesional na economía dixital, impulsando a competitividade e a xeración de emprego no ecosistema dixital.

SEGUNDA.- Descrición das actuacións conxuntas do convenio

A Consellería e a Amtega, colaborarán na posta en marcha do programa Mentoring FP, mediante a convocatoria de, cando menos, 33 prazas na curso 2022/2023 para a participación no programa Mentoring FP en empresas do sector TIC, por un período de 4 meses e orientada a estudantes de Formación Profesional de Grao Superior ou de Cursos de Especialización das familias profesionais de Electrónica e electricidade e Informática e comunicacións, no que o alumnado participante contará con orientación para a identificación de saídas laborais adaptadas ao perfil do estudante, e/ou ademais co



asesoramento para a posta en marcha dun proxecto emprendedor. O detalle das actividades a realizar polas persoas beneficiarias deste programa no proceso de mentorización serán definidas polos responsables das empresas TIC que acollan ao alumnado en función das necesidades do perfil do alumno/a asignado e deberán ser recollidas nun plan de mentoring na propia convocatoria. Así mesmo, o número de prazas dispoñibles para os vindeiros cursos de vixencia deste convenio actualizarase anualmente en función da capacidade de acollida das empresas tecnolóxicas.

Na convocatoria do programa realizada ao abeiro do presente convenio garantíranse os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència e competitividade.

A convocatoria e as resolucións de adxudicación de prazas deberán ser sometidas, con carácter previo á súa concesión, á Comisión de Seguimento deste convenio, e deberán estar debidamente ponderadas e ordenadas por puntuación en atención aos criterios de selección.

TERCEIRA.- Financiamento

Este Convenio non supón a xeración de obrigas económicas para as partes.

CUARTA.- Obrigas das partes

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, as partes terán a obriga de colaborar activamente para a consecución dos obxectivos sinalados, así como no establecemento e execución dos fitos marcados pola Comisión de Seguimento definida na cláusula quinta do mesmo.

Polo tanto, as partes asumen os seguintes compromisos:

a. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

- Elaborar e publicar as correspondentes convocatorias do programa Mentoring FP, tendo en conta a conformidade da Comisión.
- Publicar a resolución de concesión de prazas do programa.
- Favorecer a interlocución, e de ser o caso, o aliñamento das actuacións que se definan coas necesidades e requirimentos dos estudos de Formación Profesional.
- Realizar a valoración do alumnado a través da Comisión de Avaliación constituída para tal fin.
- Xestionar acordos coas entidades participantes no programa que se requiran para o correcto desenvolvemento das actuacións derivadas do presente convenio.
- Difundir o programa entre a comunidade educativa e promocionar as actuacións derivadas do presente convenio que resulten de potencial interese para o alumnado de Formación Profesional.

b. Obrigas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

- Identificar as empresas TIC que acollerán ao alumnado beneficiario do programa e concretar o número de prazas a ofertar en cada unha delas.



- Participar a través da Comisión de Seguimento do Convenio na elaboración da convocatoria.
- Colaborar na valoración do alumnado a través da Comisión de Avaliación constituída para tal fin.
- Asegurar o axeitado desenvolvemento das actuacións impulsadas ao abeiro do presente convenio de cara a acadar o éxito e impacto esperados.
- Difundir o programa entre a comunidade educativa e promocionar as actuacións derivadas do presente convenio que resulten de potencial interese para o alumnado de Formación Profesional.

En relación ás obrigas a asumir polas empresas TIC que leven a cabo o programa de Mentoring FP, estas poden ser consultadas no anexo I a este documento.

QUINTA.- Comisión de Seguimento

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

O Comité de Seguimento asumirá como función principal asegurar a continuidade do programa a través da correcta execución das actividades obxecto deste Convenio e das condicións de execución que lle sexan de aplicación.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pertencentes a Dirección Xeral de Formación Profesional.
- Dúas persoas representantes da AMTEGA.

Esta Comisión estará presidida polo Director Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que terá voto de calidade, e reunirse cunha frecuencia mínima anual.

A Secretaría da Comisión de Seguimento será exercida por un dos representantes da Amtega.

SEXTA.- Causas de resolución do convenio de colaboración

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou pola perda da súa vixencia atendendo ao recollido na cláusula décimo primeira do presente documento.

Así mesmo, poderá resolverse por denuncia unilateral dalgunha das partes, previa comunicación ás outras partes cun mes de antelación, cando conorra algunha das seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento do obxectivo perseguido.
- b) Incumprimento por algunha das partes de calquera das súas obrigas.
- c) Mutuo acordo das partes.
- d) Imposibilidade material de executar o obxecto do Convenio por circunstancias excepcionais, que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.



SÉTIMA.- Publicidade

As partes deste convenio consenten/autorizan expresamente a inclusión dos datos persoais e máis o resto das especificacións contidas no mesmo nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

OITAVA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que participan da iniciativa obxecto deste convenio e a Consellería ou a Amtega.

Así mesmo, do desenvolvemento do Programa non se derivarán en ningún caso deberes propios dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar ao relevo da prestación laboral propia de postos de traballo.

NOVENA.- Protección de datos

O tratamento dos datos persoais que precisen as partes que asinan o presente Convenio, suxeitarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de setembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos Dixitais, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE e nas normas que os desenvolven.

DÉCIMA.- Desenvolvemento e modificación

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes addendas ao mesmo, nas que se determinarán as concretas actuacións a realizar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de xullo de 2026, sen prexuízo da posibilidade de prórroga por un período máximo de 4 anos.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza xurídica e resolución de conflitos

Mediante a sinatura do presente Convenio, as partes comprométese a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

O presente convenio, que ten natureza administrativa, rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que poidan producir e que non poidan solventarse na comisión de seguimento resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do



17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexeráse por:

- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.
- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público Autonómico.
- O Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data de encabezamento.

**O Conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades**

**O director da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia**

Román Rodríguez González

Julián Cerviño Iglesia



ANEXO I

Obrigas das empresas TIC nas que se levará a cabo o programa de Mentoring FP

As empresas TIC participantes no programa de Mentoring FP deberán designar un/unha titor/a cun compromiso de dispoñibilidade mínima ao/á alumno/a do 10 % da súa xornada para a supervisión e avaliación e presentar o contido do programa nun plan de mentoring no que se detallarán as actividades do alumno/a acordas a súa formación e aos obxectivos finais do programa.

Para os efectos anteriores, as empresas TIC participantes no programa de Mentoring FP, achegarán a seguinte documentación:

a) Un plan de mentoring, no que se detallarán as actividades do participante, acordas a súa formación, e os obxectivos finais do programa, así como as datas, duración e horario no que se desenvolverán as actuacións.

b) Declaración responsable do/da titor/a en que se comprometa á dispoñibilidade dun mínimo do 10 % da súa xornada á supervisión, asesoramento e acompañamento do alumno/a.

e asumirán as seguintes obrigas:

- Executar o Programa e plan de traballo do programa presentado inicialmente.
- Asignar un/unha titor/a a cada alumno/a cunha dispoñibilidade dun mínimo do 10 % da súa xornada á supervisión, asesoramento e acompañamento deste/a.
- Cumprir a normativa en materia de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo e incluír o/a alumno/a no plan de prevención de riscos das súas instalacións.
- Dispoñer de instalación e medios precisos para o desenvolvemento das actividades propias do programa.
- Realizar as actuacións de asesoramento e acompañamento do alumno/a que son obxecto do programa dentro do horario laboral da empresa.
- Informar á Consellería de calquera incidencia que ocorra ao longo do período de desenvolvemento do programa.
- Someterse aos mecanismos de inspección e de control que se consideren convenientes, vinculados ás de acompañamento e asesoramento do alumnado participante
- Elaborar un informe-resumo final ao remate do período de referencia para o desenvolvemento do Programa, que recolla os resultados acadados coa mentorización realizada. O dito informe deberá estar asinado polo titor/a.

